

Viveiro da palabra

CEIP Raquel Camacho

Nº4

2009-10



Castro de Elviña




Castro de Baroña



O noso Castro

(feito con materiais de reciclaxe)



Mandala



Mandala

VIVEIRO DA PALABRA N°4

Ola a todos e todas, por cuarta vez as palabras do Viveiro voltan a xeremolar moi humildemente mais con moito cariño e satisfacción.

Os traballos presentados para a contribución de este novo número son de moito agradecemento pois ven sabemos que requiren o seu esforzo e dedicación.

Esperamos que aproveitedes os contidos e vós sexan de utilidade dado o carácter interactivo que pretende ter a revista.

Queremos dar as grazas as persoas da comunidade educativa que participaron no seu desenvolvemento e elaboración.

Para que no ano vindeiro poidamos ver outro novo traballo pedímosvos a vosa xenerosidade e participedes coas vosas ideas nun novo proxecto.

Sorte e saúde

NOVA
MARCHOUNOS FLOR PARA
BRASIL PARA SEMPRE
A DEUS!

BICOS •

3º INFANTIL



EXCURSIÓN

FÓTOS DE EXCURSIÓN

A GRANXA DE

BELELLE
MONTAMOS

ENCANTOUROS

NOS

PONIS




BOB ESPONXA E O TESOURO PERDIDO


EDUCAÇÃO INFANTIL 6º B




Julia, Paula V.




Miguel, Lara



Claudia P., Claudia V.



Sabela, Darya




Vadzim, Paulo



Senabou, Enrique

BOB ESPONXA E O TESOURO PERDIDO



Gabriela, Noa




Diego, Antia



Marta V, Marta T.




Izan, Jorge



~~CALIFICANDO~~

NIVEL 1º A

Habia un señor que tenía a boca
tan pequeña que para decir tres tenía
que decir un, un, un.




SPIDERMAN EN

AXUDA

DOS DÉBILES


SPIDERMAN SOBE POLAS

CASAS.



SPIDERMAN PELEXA COS


MALOS



SPIDERMAN HUMANO




SPIDERMAN EN FAMILIA



O PEREGRINO

Havia unha vez un peregrino
que quería facer o Camiño de
Santiago.

Polo camiño perdeuse e encontrou
a outro peregrino. Despois de
varios días por fin chegaron ao seu destino.




Larisa 1ªA

CEIP RAQUEL CAMACHO

~~GALICIA~~ ZCANDO


NIVEL 1^oA

- ¿Quelle di a natureza do café?
- Desfogame para ti.




LENDA DO ESPELLO

Dise que o rei Hispán, sobriño de Hércules, colocou no alto da torre un gran espello máxico.



Con el, a poboación vixiaba a chegada de naves amigas ou inimigas.




Un día uns invasores camuflaron os barcos con ramas e arbustos.



Deste xeito parecían illas no mar.




Así conseguiron chegar á costa e destruír o espello en millóns de anacos.



MONUMENTOS DO MUNDO

A Torre Eiffel



LA TOUR EIFFEL

Está en París, a capital de Francia.

É o monumento máis visitado do mundo.

A cor orixinal era o amarelo.


O material empregado na súa construción foi o ferro.

Cando foi construída era

o máis alte do mundo.


LENDA DE HÉRCULES

Conta a lenda,
que en A Coruña
governaba un
xigante
chamado
Xerión.



A cidade pediu axuda a
Hércules.

Tras unha longa loita,
Hércules venceu e
cortoulle a cabeza ao
xigante.



Sobre ela mandou construír
unha torre, a "Torre de
Hércules".

A LENDA DO ESPELLO

Dise que o rei Hispán, sobriño de Hércules, colocou no alto da torre un gran espello máxico.

Con el, a poboación vixiaba a chegada de naves amigas ou inimigas.


Un día, uns invasores camuflaron os barcos con ramas e arbustos. Deste xeito, semellaban illas no mar.

Así conseguiron chegar á costa e destruír o espello en millóns de anacos.

~~GALICIA~~ CANDO

NIVEL 1º B


Señor Manuel ¿é certo
que os Galegos temos por
costume contestar con outra
pregunta?
E a ti ¿quen che dixo iso?



CONTO


Pepe o marciano

Habia unha vez un marciano
que se chamaba Pepe. Chegou
a terra e fixo novos amigos.
Xogaron ao ribaquilla e
ensináronlle a terra. Volvía
a súa casa moi contento




1º B.

A ARANHA E O SALTÃO




Salta Montecae na tea de aranha.




Aranha desialle in despedime da familia.




O saltón preigalle que non o come.



O saltón volta xunto a aranha Nara.



O saltón envialle a foto da súa familia.



A aranha vai convidada a ceam e faise vegetariana.

CONTO

O burro e a festa.

O burro está no bosque.

Viu ao seu irmão e convidou-o ao seu
cumpe.

Ao dia seguinte o burro marchou -
para a festa pero non sabía onde era.
Andando e andando atopou un mapa
tirado no chan onde dicía o sitio
do cumpe e por fin atopou a
festa.



CEIP RAQUEL CAMACHO



NIVEL 2º B

¿Que lle di un remáfora a outro? -

- ¡Maa me mira que me estau mudando!

(Diego Lucero)

- ¡Mama, que rica esta a paella!

- ¡Pois repite, fillo!

- ¡Mamá, que rica esta a paella!

(Adriana Sar)

¡Riiiiing, riiiiing!

- ¿Esta Agustín?

- ¡Non, está incomodin!

(Andrea Sierra)

- Mama, mamá ¿os lincos teñen plumas?

- Non fillo.

- Pois enton, exprime o canario.

(Valentina Ripoll)

CONTO

O burro Pablo e o coello Grain


Había unha vez un burro que se chamaba Pablo.

Un día atopouse cun coello chamado Grain e fixéronse amigos. Comeron xuntos e despois

soñaron que xogaban nos parques.

E colorín colorado este conto

está rematado.



1º B

VIVEIRO DA PALABRA

Nº 4

Na nosa aula de segundo cantamos cancións moi bonitas que a profesora di que son cancións populares que quere dicir que son propias de Galicia e que non debemos esquecerlas e ensinalas e cantalas moito para que non se esquezan e nos poidamos divertir todos e todas cantándoas. Algunhas delas son estas : Cantámolas todos xuntos?

A SAIA DA CAROLINA

TEN UN LAGARTO PINTADO

CANDO CAROLINA BAILA

O LAGARTO DALLE AO RABO.

PARA VIR A XUNTA MIN

PARA VIR A XUNTOA MIN

VAI LAVAR A CARA

VAI LAVAR A CARA GALOPÍN.

VIVIR NA CORUÑA

QUE BONITO É

ANDAR DE PARRANDA

E DURMIR DE PÉ.

EU QUERIAME CASAR

MIÑA NAI NON TEÑO ROUPA

CASA MIÑA FILLA CASA

QUE UNHA PERNA TAPA A OUTRA.

A VIRXE DE GUADALUPE

CANDO VAI POLA RIBEIRA

DESCALCIÑA POLA AREA

PARECE UNHA RIANXEIRA

ARROZ CO CHÍCHAROS

PATACAS NOVAS

REPOLO DE BETANZOS

E MÁIS CEBOLAS...

FABULAA CIGARRA E A FORMIGA

A cigarra era preguiçosa.

A formiga era trabalhadora.

Era verão e a formiga recolhia grãos para o inverno.


A cigarra mentres tumbada ao sol. Quando chegou o inverno a formiga tinha comida e a cigarra não tinha nada e parava fome.

Depois de suplicar muito, a formiga convidou a comer.

A cigarra prometeu que ia trabalhar sempre e nunca mais seria preguiçosa.

SENTENÇA

O que trabalha se recompensado
o seu esforço.




CONTO

O lobo Raul, a águia Ana, e o corzo Paco

Era unha vez o lobo Raul, a águia Ana e o corzo Paco que vivían no monte.

A águia e o lobo querían comer ao corzo pero o corzo era listo. Un día a águia e o lobo estaban cerca do corzo e os dous tiráronse riba del para comelo. O corzo botou a correr, pelearonse con tanta forza que pensaron que era o corzo. Nunca máis volveron a cazar corzos.



"Os Bolechas visitan un Castro"



gixsela 3ª A




Os bolechas convidanvos ir á biblioteca e na súa colección




"OS BOLECHAS QUEREISABER... podedes atopar a explicación de como é UN CASTRO"

LENDA DO ESPELLO


Dise que o rei Hispán, sobriño de Hércules, colocou no alto da torre un gran espello máxico.




Con el, a poboación vixiaba a chegada de naves amigas ou inimigas.




Un día uns invasores camuflaron os barcos con ramas e arbustos.



Deste xeito parecían illas no mar.



Así conseguiron chegar á costa e destruír o espello en millóns de anacos.




A BIBLIOTECA DO MEU COLEXIO

A biblioteca está dividida en dúas partes, a de pequenos ata 3º de primaria, que só ten unhas cadeiras de plástico e poucos libros, que ademais están moi mal coidados, e a outra parte, é de maiores. A partir de 4º de primaria, é mais grande e espaciosa, e as estanterías están cheas de moitos libros, os que case nunca teñen debuxos, están cheos de letras.

A mín gustaríame que fose enorme e chea de novos libros e historias, coas que todos os nenos e eu, poidamos aprender, rir e pasalo moi ben.

Nas bibliotecas hai que entrar sen facer ruído, e sobre todo caladiño, para non molestar aos demais. Necesítase o silencio para prestar atención o libro que imos ler.

Podemos ler o libro na biblioteca ou levalo para a casa se tés o carnet, e devolvelo antes de quince días. Hai que ter moito coidado de non perdelos e de non estropealos.



MULTICULTURALIDADE.

RECEITA COLOMBIANA : AREPAS

Ingredientes:

2 vasos de fariña
1 vaso de auga quente
¼ de queixo calquera
1 ovo
1 culler de manteiga.
1 culleriña de sal
1 culleriña de azúcre
½ vaso de leite

COMO SE FAI

Nun bol mézclanse todos os ingredientes incluídos o leite e a auga. Unha vez que estean mezclado mirar se está a masa no seu punto: ni tan dura, ni tan brandiña.

Facer boliñas coa masa e se queres quéntalas un poquiño nunha tixola e despois metelles queixo rallado no interior ou tamén cando fagas as boliñas faslle un buratiño cos dedos e meterlle queixo e aplastalas que non queden tan delgadiñas ni tan grosas Déixalas a fogo lento e cando xa estean doraiñas deixar que enfrien un poquiño e servilas .

Próba a facelas xa verás como che gustan.



Receita de Adriana Sepúlveda 4ª B

Nacionalidade colombiana.

O XARDÍN DO COLEXIO



OS NENOS E NENAS DE SEGUNDO PLANTAMOS NO XARDÍN DO COLEXIO ESTAS FLORES.

PARA PLANTALAS ,ALÓ POLO MES DE XANEIRO QUE É O TEMPO DE SEMENTALAS, PRIMEIRO ENCHEMOS AS TINALLAS DE TERRA ABONADA.

NA TINALLA MÁIS ALTA PLANTAMOS UNHA ÁRBORE DE CAMELIAS QUE EN POUCO TEMPO XA TIVO FLORES XA QUE É UNHA ÁRBORE DE INVERNO E SÁENLLE AS FLORES NESTA ESTACIÓN.


TAMÉN PUXEMOS BULBOS DE TULIPÁN, QUE MOI PRONTO SE PUXERON FERMOSSÍSIMOS.

CONVIDÁMOSVOS QUE VAIADES VISITALO POIS ESTÁ MOI BONITO.


NA CASA DOS PEIXES VIMOS:




FOCAS



TIBURÓN
TORO



AUGA
DE
MAR




TARTARUGA

POLONIA

Polonia - Oficialmente república de Polonia.
É un país ubicado na porción oriental da Europa

Central. En Polonia está o Mar Báltico, as Montañas dos Sudetes e Os Cárpatos. A capital de Polonia é Varsovia. O idioma é o Polaco. Polonia é o lugar de nacemento de varios personaxes coñecidos como Frederic Chopin, Nicolás Copernic e o Papa Juan Pablo II.

En Polonia tamén naceu miña irmá Julia está en 6º de infantil e en Martyna que eston en 2º de Primaria neste colexio Raquel Camacho. Grazas a todos etodos; atopámonos moi contentas convivindo con vós.




MAPA DE POLONIA


MARTYNA
E
JULLIA

LENDA DE BREOGÁN
(Durante a visita a Punta Herminia, 1º EP)

Conta a lenda que Breogán foi o fundador de Brigantia (A Coruña).



Despois construiu a torre como faro de vixía.



E día, que un dos seus fillos aseguraba avistar grandes illas desde a torre: ¡as illas de Irlanda!




CEIP RAQUEL CAMACHO




NIVEL 2ºA

Que lle di unha
Zapatilla a outra:
Que vida mais
arrastada levamos.



Que lle di unha uva
branca a unha morada:
Respira tia, respira.




PAZ

Non máis guerras
nin pelexas
nada malo, meus irmáns
So pido un momento, un minuto de paz.

Eu pídovos nenos, nenas
xa deixade de pelexar
pois preguntado, non podemos
non podemos xa parar?

Moitas grazas por me - excitar.

MOITA PAZ



O ACUÁRIO

Visita a "O Aquarium"

As 9:30 da manhã, saímos os alunos de 3º curso a visitar o "Aquarium". Ali atendemos unha monitora. A primeira sala que visitamos foi os "farmacuticos", son peixes venenosos, dese veneno saíanse medicamentos.


Un exemplo o peixe cornudo.

Logo baixamos a unha sala subterránea, naquel lugar visitamos os tiburóns, as quenllas etc. Dize que os tiburóns poden ulir unha gota de sangue nunha piscina tan grande como un campo de fútbol, vimos tamen os ósos da balea azul, eran enormes.

Main tarde baixamos a ver as focas, xogamos, rimos...



Unha foca chamábase "Clara" era preciosa.

Unha vez visitado voltamos a clase, foi increíble.




LENDA DO ESPELLO


Dise que o rei Hispán, sobriño de Hércules, colocou no alto da torre un gran espello máxico.




Con el, a poboación vixiaba a chegada de naves amigas ou inimigas.




Un día uns invasores camuflaron os barcos con ramas e arbustos.



Deste xeito parecían illas no mar.




Así conseguiron chegar á costa e destruír o espello en millóns de anacos.



A TORRE DE HÉRCULES

A Torre de Hércules é unha torre e faro situado na península da cidade da Coruña, en Galicia. A súa altura total é de 68 metros e data do século I. Ten o privilexio de ser o único faro román e o máis antigo en funcionamento do mundo. É o segundo faro en altura de España, tras o faro de Chípiona. O 27 de xuño de 2009 foi declarado Patrimonio da Humanidade

DATOS XEOGRÁFICOS



Altura: 49 metros

Altura sobre o nivel do mar: 106 metros

Escalones. 234

Alcance: 24 millas

Destellos: grupos de 4 cada 20 segundos

HISTORIA

A Torre de Hércules foi construída polos románs como faro de navegación no século I despois de Cristo, ente os reinados de Nerón e Vespasiano.

A Torre, antes de començar a reforma, foi un corpo prismático de base cuadrada. Presentaba un muro de pedra con dúas portas e ventás asimétricas.


LENDAS

A mitoloxía di que houbo un xigante chamado Gerión, que polos seus malos actos e tras haber deshonrado á irmá de Hércules, este retouno a unha grande pelea na que Hércules derrotou a Gerión, enterrouno e levantou un túmulo que coronou cunha grande antorcha. A carón deste túmulo fundou unha cidade, que leva o nome da primeira muller que chegou, chamada Cruña.

A CIDADÃO TAMÉN É TU

• Como coidar o medio ambiente

- Tirando o papel á papelleira.
- Non envasar todos condimentos.
- Reciclar e Reutilizar.
- Tirar sempre as cousas ao seu contenedor correspondentes.
- Sempre se pode ir en metro ou bus.
- Non utilizar folios e as libretas por gastadas.
- Coidar os libros da clase para que sirvan a outro curso.
- Non facer máis comida da que se come ou non tirar a comida que sobre.



Laura Ponte e Paula Rodríguez

SOPA DE LETRAS:

O	L	K	S	W	Z	A	N	N	C
S	S	A	D	A	N	A	P	M	E
A	E	B	H	Y	D	E	S	F	K
O	B	O	B	W	T	O	G	T	O
L	E	K	M	T	L	S	H	L	I
L	C	L	C	E	N	T	O	L	D
I	R	K	R	O	M	D	L	S	K
F	E	G	S	T	E	Z	T	O	T
O	P	O	H	R	K	L	S	T	O
S	T	U	M	R	S	K	S	M	L

A VER SE ES QUEN DE ATOPAR O NOME DE SEIS PRATOS TÍPICOS DE GALICIA.

Christian Pose Vázquez
4ºB.

O AGASALLO DE REIS

O agasallo de Reis

Ola, chámeme Mourina e vouvos contar un conto moi chulo.

Eu era unha bolina de pelo negro e vivía coa miña nai Sira e os meus irmáns. Cando mamá saía de paseo eu e os meus irmanciños non pará-bamos de chorar.

Pero un bo día veu un home e levou a un dos meus irmáns. Ai!, miña dona cambiou os meus irmáns por uns papeliños impresos. Que será del?

Pouco a pouco, foron desaparecendo todos os meus irmáns, ata que quedei eu soa. O seguinte día veu unha parella e leváronme. Ai!, mamá querida, que medo, seguro que me ían papar. Tiña tanto medo que me fixen pis no taxi que me levaba á miña nova cara. Cheguei e alí había un neno que esperaba o seu agasallo de reis sentado ao pé dunha árbore chea de bolas e luces de cores. O neno abrazoume e acariñooume.


Um pouco a pouco perdendo o medo. Dinme conta que me querían, alimentábanme, tímica unha camiña nova, levábanme a dar bos paseos, e así ata hoxe. Este Nadal xa hai tres anos que vivo con eles e cada vez queros máis. Son a Cadelina mais feliz do mundo.

FIN

DAVID SOBRINO PLATAS 6ºB



MOURINA



O peixe que quería voar

Eu tiña un peixe nunha peceira, como comía moito, fíxose moi grande. Construímoslle unha charca rodeada de plantas e covas para que puidese xogar.

Todos os días pola mañá cando saía o sol, un paxaro ía bañarse á súa charca. Ao peixe encantáballe como voaba o paxaro, e un día preguntoulle:

_ Ola! Pódesme ensinar a voar?

E el respondeulle:

_ Pero se é un peixe!

El seguiu insistindo.

_ Pero se o intento, seguro que o consigo_ teimaba o peixe.

_ Está ben, eu vouche dar unhas clases, pero non che prometo nada.

Todos os días lle ensinaba a mover as aletas, levantábao e soltábao, pero sempre caía na charca. Un día que facía moito vento, o peixe axitou as aletas tanforte que saíu voando ata que chegou a un río; púxose moi contento porque desde alí podía ir nadando e voando ata o mar.

Virou cara ao paxaro e berroulle:

Grazas por todo! Espero que volvamos a vernos, adeus!

_ Adeus e boa sorte!_ Contestoulle o paxaro.

Clara Canzobre Castelo, 5º A

O soño de Lucía

Había unha vez unha nena chamada Lucía que era moi guapa. Pasaba todos os días intentando ser aínda máis fermosa. Tan obsesionada estaba coa súa beleza que non ía á clase, non facía as tarefas que lle encomendaban, era mala con todo o mundo.

Esa forma de comportarse acabou anoxando a todos.

Un día cando unha gota colmou o vaso, os veciños foron á súa casa advertirlles aos pais de que se non cambiaba de actitude terían que botala do pobo.

Entón os pais foron a xunto un mago para pedirlle unha poción que a transformase nun ser bondadoso.

A nena despois de tomar a poción tivo un soño no que unha voz lle dicía que

A beleza non o era todo.

A partir dese momento Lucía decatouse do dano que fixera e pediu perdón e desde aquela foi boa, lista, amable e tamén bela.

Ana Álvarez Fojón, 5º A

ALICIA NO FUTURO

Estamos no 2050, hai coches voadores. Vive unha nena chamada Alicia, sensible, agradable, de ollos azuis, morena, de pelo negro e alta.

Ela vive na cidade de México onde están moi avanzados.

Unha mañá de sol, Alicia marchou ao museo coa súa amiga Carlota. Cando chegaron, viron “unha máquina do tempo”, sentaron nela e tiraron da palanca; de súpeto, paf!, marcharon ao pasado dos dinosauros. Atacáronas e elas escondéronse detrás das pedras que había ao lado dunha ferverza. Despois regresaron á “máquina do tempo” e volveron ao futuro no mesmo museo.

Alí estaban seus pais e viron o mesmo dinosauro que as atacara, pero deso xa non se acordaban. Con todo retornaron á súa casa, cansas e non sabían por que.

Katherine Ramos Soto,5ºA

MANOLO, O CHAPÓN

Nun lugar moi afastado vivía un neno que se chamaba Manolo. O seu pobo estaba situado ao suroeste de Galicia.

Manolo vestía con roupa de chapón e levaba lentes moi grosos. Era moi listo, serio, pero

moi apoucado. No seu colexio había dous pillabáns que se burlaban sempre del.

Todos os días lle esixían que tiña que superar unha proba e se non o conseguía pegábanlle e se gañaba librábase da malleira.. Como vos podedes imaxinar sempre perdía.

Entón decidiu chamar á bruxa do seu pobo para pedirlle que lle fixera unha poción máxica. A bruxa aceptou axudarlle: elaborou unha poción que o converteu nun rapaz valente. Así conseguiu librarse das malleiras daqueles pillabáns e non volveron a meterse con el.

Sabela García Blanco,5ºA

o outono

O outono é longo,
O frío está á espreita,
Os paxaros estremecidos.
Pobre do que non ten casa!

Néstor Martínez Patiño, 5º A

No outono
O ceo está gris

O vento sopra sen parar
E as follas caen ao chan.

Porque están cansadas
E quérense deitar.

Samira Youfoute, 5º A

O outono xa chegou
Os ourizos caen
E as árbores espidas
Quedan sen alegría.

As castañas hai que apañar
Porque o magosto hai que celebrar!

As follas secas e marelas
Tiradas no chan están,
Tristes e murchas
Escoitan ventear.

Noelia Santos Lage, 5º A



Vaise o verán,
Chega o outono
E as andoriñas
Poñen o gorro.

Os cans levan chaqueta,
As andoriñas chuvasqueiro
E para entrar na caseta,
Sacan o sombreiro.

As árbores choran
Sen saber por que,
Esperan á primavera
para volver a florecer.

As andoriñas fan a maleta
Para irse a outro lugar,
Despídense das gaivotas
E tamén do mar.

Sabela García Blanco, 5º A

GUÍA

Ti es a guía
 Dos nosos barcos
 Nas noites escuras
 Desde os romanos.
 Faslle compañía á lúa
 Como unha estrela
 Miña Torre de emeralda
 Miña Torre de Hércules.
 Da túa luz quedeime namorado.
 Ti es a miña preferida,
 Ti marcas o meu sendeiro.
Brais Calvo Teijeira, 5º A

PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Na miña cidade,
 hai unha torre,
 Patrimonio da Humanidade.

Os mariñeiros pola noite
 van polo mar,
 mirando cara ela para non chocar.

Na Torre de Hércules
 non paran de soñar,
 os mozos e as mozas
 que se van namorar.

E chega a mañá,
 todos a madrugar,
 para xunto ao faro pasear.

Sabela García Blanco, 5º A

MIRANDO AO MAR

Torre que miras ao mar
 co teu faro luminoso
 coidando aos pescadores
 Non vaian afogar!

Aos nosos barcos guiades
 Ti, a Lúa e as estrelas
 protexéndoos a todos,
 facendo as noites belas.


Carlota Lema Arranz, 5º A

FARO


Torre de Hércules,
 Torre de Hércules,
 es o faro máis precioso
 ilumina o mar
 para que os barcos
 cheguen ao seu porto.

O ceo cheo de estrelas
 e ti destacas
 no medio delas.

Katherine Ramos Soto, 5º A




UNIO NOVONEYRA



Demora un valente
Voles sobre as fendeiras
O río sempre vai e sempre chega


É manancial de canto
espello de luz
e sucesión de sombras

Canita líu, canta
na Jovara enantada;
baila, baila, baila,
vidueiro das brancas



Talia Gadea Diaz 5ª

Vai pola serra o camiño
afostándose do val,
no río roda o moinho,
medra arriba o queirogal.



Clara Cantobre Castelo 5ª

GALICHISZEANDO

NIVEL 3ºB

14 - Cal é o colmo dun xardineiro?

- Ter unha filla que se chame Margarida e que o mozo a deixe plantada.

15 - -Mamá, mamá, por que no colexio chámanme mentiroso?

- Non o sei-dixo a nai

- Mamá, hai un cerdo vocador.

16 - Ring, ring...

- Dígame?

- Ola, por favor. Está Armando?

- Non. Estou aínda lendo as instrucións.

17 - Cal é o colmo dos colmos?

Que un mudo lle diga a un sordo que un cego os está espiondo.

18 - Eran unha vez tres irmáns: Tonto, Ninguén e Algunén. Ninguén caeu nun pozo, e o seu irmán Algunén foi a axudalo.

Tonto foi entón á policía e dixo:

- Señor axente, Ninguén caeu no pozo e Algunén o está axudando.

- A ver, rapaz. Ti es tonto?

- Si, señor axente. Encantado de coñecelo.

VISITA Á TELVA

A auga que bebemos en Coruña


A auga que consumimos en Coruña procede do río Mero. Almacénase na presa de Cecebre antes de pasar pola estación de tratamento de A Telva(Cambre). Aquí prepáranos para o noso consumo, para o que seguen unha serie de pasos: desbaste, decantación, filtración e cloración.

Aforrar auga é responsabilidade de todos, xa que hai moi poucas reservas de auga dóce, e tratala é ademais un proceso moi caro. Por outra parte canta máis auga consumamos, máis encoros necesitaremos e sabemos que cada presa que se constrúe altera un ecosistema, afectando ao hábitat de moitos animais e plantas.

Todos podemos aforrar auga adoptando unha serie de medidas:

- Ducharse en vez de bañarse.
- Encher a lavadora e o lavabaixelas por completo.
- Pechar a billa mentres nos lavamos os dentes.
- Non utilizar a cisterna como papeleira.

Alumnos/as de 5º A



Comprobando no laboratorio como se potabiliza a auga

LETRAS GALEGAS

2010-11

Homenaxe a U. Novoneyra.



Xunto a Novoneyra
belas poesías crearon
e como el,
todas as creacion

POETA DO CAUREL

Tan fiel que era brillar
e conseguiron deslumbar!!!

Planta outorgada a
UXIO NOVONEYRA no
RECUNCHO DOS ESCRITORES

O ACIVRO



PALLOZA DUN CASTRO CELTA



**INTERÉSATE POR COÑECER
A CULTURA CASTREXA:
INVESTIGA NA BIBLIOTECA
DO COLEXIO. APRENDERÁS
COUSAS INTEREANTES
SOBRE OS NOSOS ANTERGOS.**

HORÓSCOPO CELTA

PIÑEIRO - VIRTUDE: "Particular"

Nacidos do 19 ao 29 de febreiro e do 24 agosto ao 2 de setembro

Encantalle a compañía agradable, persoa moi robusta, activa, natural, sabe facer da súa vida algo confortábel. Réndese con facilidade, é de confianza e de carácter práctico. Namórase facilmente pero deseguida se lle pasa.

PARA SABER

O piñeiro ten tres valores: para madeira, para resina e valer hixiénico e estético.

- Coa madeira faise mobles, contrachapados, carbon e usase en xeral na construción.
- Coa resina para papel, cartóns, desinfectantes e pinturas.
- A resina serve para elaborar desmucostantes, ceras e vernices.
- Os follos empréganse para purificar a auga e a auga do baño así como tamén en rituais de protección.




SIMBOLO CELTA

O TRISQUEL

INVESTIGA O QUE SIGNIFICA

PARABENS A TODA A
COMUNIDADE EDUCATIVA
DO C.E.I.P RAQUEL
CAMACHO NO DÍA DO SEU
ANIVERSARIO.



PARABENS PARA TI
NESTA DATA QUERIDA
MOITAS FELICIDADES
MOITOS ANOS DE VIDA.

Despedida

A Comunidade Educativa do CEIP Raquel Camacho quere renderlles unha homenaxe aos profesores e profesoras que neste curso decidiron introducir unha paréntese na súa vida persoal, pondo punto final ao seu labor como docentes. E... que non se esquezan que a partir de agora van ter tempo para poder desenvolver todas aquelas tarefas que anceiaban.

Esta Comunidade desexa que todos e todas inicien outra nova etapa de desfrute e satisfacción.

Que nunca se esquezan que aquí quedamos recordando a súa profesionalidade, dedicación e cariño con todas e todos nós.

Moita sorte e saúde para esta nova andaina.

D. Josefa
Rouco

Dna. M^a Victoria
Eugenia Caldera


D. Lino Eijo

D. Ramón Blanco


Dna. M^a Carmen
Vázquez

Dna. Isabel Seijo

Inspección educativa



Anpa



Claustro de profesores




Dirección



Alumnado



Persoal non docente



Consello escolar





HORÓSCOPO



DRUIDA

